



CONCELLO DE CUALEDRO (OURENSE)

Avda. Portugal, 8 - CUALEDRO - OURENSE

Tel. 988 424004 - Fax 988 424026

ANUNCIO DE ADXUDICACIÓN

Para cumprir co disposto no artigo 135.4 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, faise pública a resolución de adxudicación do procedemento negociado sen publicidade da obra "Centralización, xestión e redución do gasto enerxético en Carzoá", adoptado por acordo da Xunta de Goberno Local do 2 de agosto de 2011, co seguinte contido:

Logo de completarse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade, da obra "Centralización, xestión e redución do gasto enerxético en Carzoá", financiada con cargo á subvención do Instituto Enerxético de Galicia, ao abeiro da que se concedeu a este concello o importe de 70.000,00 euros para o financiamento da obra, o resto do financiamento da obra (30.000,00 €) vai con cargo aos orzamentos do Concello, con apertura de documentación administrativa xeral e proposicións económicas do 20 de xullo de 2011, e logo de valorarse pola Xunta de Goberno Local do 21 de xullo de 2011 a proposta de adxudicación que fixo a Mesa de contratación a favor de Esinor Sistemas SLU, a Xunta de Goberno Local, no uso das atribucións previstas na Disposición Adicional 2ª da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, por unanimidade, ACORDA:

Primero.- Adxudicar a execución destas obras á empresa Esinor Sistemas SLU, por un importe de 99.900,00 euros (IVE e demais tributos incluídos), por ser a oferta máis vantaxosa, xa que o prezo ofertado polos candidatos presentados foi o seguinte:

- Oferta núm. 3, de Electricidad CS, SC, que ofrece un prezo de cen mil euros (100.000,00 €), IVE incluído (baixa 0%).
- Oferta núm. 2, de Construcciones Lemos Martínez SL, que ofrece un prezo de cen mil euros (100.000,00 €), IVE incluído (baixa 0%).
- Oferta núm. 1, de Esinor Sistemas SLU, que ofrece un prezo de noventa e nove mil novecentos euros (99.900,00 €), IVE incluído (baixa 0,1%).

Segundo.- Notificarlle este acordo aos licitadores que se presentaron e publicalo no perfil do contratante.

Terceiro.- Requirit ao adxudicatario para que formalice o contrato no prazo dos oito días hábiles seguintes a aquel no que reciba a notificación da adxudicación (artigo 140 da LCSP).

Cualedro, a 3 de agosto de 2011.

O alcalde,
Luciano Rivero Cuquejo